



Concello Do Carballiño

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DURANTE O CURSO ESCOLAR 2025/2026

BO DÍA FAMILIA 25/26

A Concellería de Benestar social do Concello do Carballiño ten previsto a realización do programa de conciliación familiar para o vindeiro curso escolar co obxectivo de facilitar que as familias poidan harmonizar a súa vida laboral e o coidado dos fillos/as menores.

1. CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA

a) Obxecto

Bo Día Familia é un programa de conciliación da vida laboral e familiar para o alumnado escolarizado nalgún centro escolar do Carballiño e empadroados no mesmo, que teñan entre 3 e 12 anos, e que se desenvolverá durante o vindeiro curso escolar 2025/2026. Consistirá na execución de actividades de acollida, gardería e lecer, durante as horas previas e posteriores á xornada escolar nos días lectivos así como en períodos de Nadal, Semana Santa e días non lectivos e non festivos que coincidan de luns a venres.

A mañá incluírá servizo de transporte.

b) Persoas beneficiarias

Aquelas familias con menores de idades comprendidas entre os 3 e 12 anos, empadroados no Concello do Carballiño e escolarizados nalgún centro educativo do mesmo.

c) Datas de realización

O servizo de Bo Día Familia funcionará dende o inicio do curso escolar 2025-2026 ata o remate deste, pendente da súa publicación oficial e segundo estableza o calendario escolar publicado no DOG.

Así mesmo, nos períodos non lectivos de Nadal, Semana Santa, Entroido e días non lectivos e non festivos que coincidan de luns a venres.

d) Servizos

Este servizo comprende:

- Servizo de gardería. De 07.30 h ata o comezo das clases. Coidado e atención dos/as menores, ofertando actividades e xogos, apoio escolar e acompañamento ata o centro escolar ou transporte escolar.
- Servizo de almorzo para o alumnado interesado que previamente o teña solicitado a través dos seus/súas proxenitores/as ou tutores/as. O servizo de almorzo prestarase a partir das 08.00 h. Incluírá unha bebida a base de leite quente, froita e galletas, cereais ou pan. Os/as menores que teñan algún tipo de intolerancia alimentaria debidamente xustificada terán un menú adaptado ás súas necesidades.
- Servizo de transporte á mañá de subida á Uceira
- Servizo de tarde. De 14.00 horas ata as 19.00 horas. Coidado e atención dos/as menores, ofertando actividades e xogos.





Concello Do Carballiño

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

d) Horarios

Durante os periodos lectivos o horario do servizo durante o curso escolar 25/26, será de mañá dende as 07.30 horas ata o inicio da xornada escolar e o horario do servizo de tarde será dende as 14.00 horas ata as 19.00 horas.

Nos periodos vacacionais non lectivos e non festivos que coincidan de luns a venres o horario será exclusivamente de mañá de 7:30 a 14:00horas.

e) Modalidades de participación

Os/as usuarios/as poderán escoller entre as seguintes modalidades de utilización do servizo: - Quincenal con/sen almorzo, sendo 12 días ou menos ó mes.

- Mensual con/sen almorzo.

Os/as usuarios/as poderán variar a modalidade sempre que o permita a organización do servizo e o soliciten mediante escrito motivado presentado antes do día 25 do mes anterior ao que se inicie o cambio de modalidade. En caso de urxencia acreditada poderase ampliar a frecuencia e/ou engadir o almorzo solicitando o cambio en calquera momento. O prezo do servizo adaptarase á nova modalidade solicitada.

f) Prezo

As cotas de pagamento deste servizo serán fixadas e cobradas conforme o establecido na Ordenanza Nº 30 Reguladora do prezo público pola prestación do servizo de conciliación da vida familiar e laboral e tendo en conta, se é o caso, as cotas reducidas que se establecen no art.7, atendendo a criterios xenéricos de capacidade económica.

TARIFAS	SERVIZO "BO DIA FAMILIA"		
	MAÑÁ	TARDE	MAÑÁ E TARDE
MENSUAL	120 €	240€	360€
QUINCENAL	66€	132€	198€

Estas tarifas veranse reducidas segundo se especifican no art. 7.2 da ordeanza fiscal, en función da renda per cápita bruta mensual dos integrantes da unidade familiar e do IPREM mensual correspondente ao ano en que se solicite o servizo.

Estas tarifas veranse incrementadas polo uso do servizo de almorzo na contía de 15,00€/mes ou 7,50 €/quincena, segundo a modalidade que se escolla.

g) Prazas

60 prazas por quenda

Reservarase praza para familias en situación de vulnerabilidade derivadas dos Servizos Comunitarios Básicos, a través do pertinente informe de derivación e valoración dos técnicos responsables.





Concello Do Carballiño

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

2. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA PREINSCRICIÓN

a) Lugar e prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será do **1 ao 20 de marzo de 2025**, ámbolos dous incluídos.

As solicitudes e a documentación complementaria presentarase segundo o modelo normalizado ben por medios electrónicos ou de xeito presencial no Rexistro xeral do Concello do Carballiño (Praza Maior nº1) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Solicitudes

As solicitudes estarán dispoñibles nas dependencias de servizos sociais do concello e na páxina web do Concello do Carballiño, www.carballino.gal no apartado de *Taboleiro de anuncios* dentro da *Sede electrónica*.

c) Documentación complementaria

As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Fotocopia DNI do/a menor, ou do /a proxenitor/a ou responsable legalmente
- b) Fotocopia do Libro de familia
- c) Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor
- d) Declaración da renda familiar: conxunta ou individual de todos os membros activos do exercicio do 2023.
De non estar na obriga da súa realización presentarase “certificación de imputacións de Facenda”
- e) Para a xustificación de ocupación dos membros da unidade familiar:
Por conta allea: copia de vida laboral actualizada ou última nómina
Por conta propia: copia do último recibo da cota á Seguridade Social no RETA.
De ser necesario:
 - f) No caso de alerxia: Informe médico
 - h) No caso de emerxencia social :Informe social
 - i) No caso de divorcio o separación legal: Fotocopia convenio regulador de medidas paterno filiais
 - j) No caso de familia numerosa acreditación

d) Criterios de admisión e Baremo

No caso de que o número de solicitudes supere a capacidade da oferta, farase unha primeira selección, na que se establecen os seguintes criterios de prelación:

Puntuación máxima: 100 puntos

d.1) Necesidade de conciliación (30 puntos), outorgarase nos seguintes casos:

- a) Familias monomarentais ou monoparentais con xustificación por traballo ou enfermidade grave que procure necesidade de conciliación.
- b) Familias nas que traballen os/as dous/dúas proxenitores ou titores/as legais ou existan





Concello Do Carballiño

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

circunstancias especiais de necesidade de conciliación.

c) No caso de familias nas que a garda e custodia a desempeñe un/unha só/a proxenitor/a e éste traballe.

Para a valoración deste criterio, deberase achegar en todos os casos, xunto coa solicitude, o informe de vida laboral emitido pola TGSS en situación de alta no período de presentación de solicitudes ou informe ou certificado de enfermidade grave (de ser o caso).

Ademais, en cada circunstancia será preciso achegar tamén a seguinte documentación:

- Para as familias monomarentais/monoparentais: certificado de monomarentalidade da Xunta de Galicia
- Para as familias nas que traballen os/as dous/dúas proxenitores/as ou titores/as legais: o informe de vida laboral, emitido pola TGSS en situación de alta no período de presentación de solicitudes de ambos os proxenitores ou proxenitoras.
- Para as familias cuxa custodia sexa dun só proxenitor ou proxenitora: nos supostos de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial é necesario copia da sentenza xudicial que determine esta, baixa no correspondente rexistro de parellas de feito e convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

d.2) Circunstancias familiares especiais (máx. 45 puntos)

Circunstancia; Puntuación

1. Renovar o servizo ou ter un irmá que solicite o servizo e que xa o utilizara no curso anterior; 10 puntos

2. Discapacidade do/a menor solicitante; 15 puntos

3. Familia numerosa ou numerosa especial; 20 puntos

Este criterio é acumulativo. Para valorar este criterio deberá achegarse certificado de discapacidade do/a menor solicitante e, no caso de familia numerosa ou numerosa especial, certificado deste

3. Renda da unidade familiar (máx. 25 puntos)

IPREM MEN; Puntuación

Emerxencia social; 25 puntos

Ata o 50%; 25 puntos

De 51% ata 75%; 20 puntos

De 76% ata 100%; 15 puntos

De 101% ata 150%; 10 puntos

De 151% ata 175%; 5 puntos

De 176% ata 200%; 3 puntos

De 201% ata 250%; 2 puntos

De 251% ata 300%; 1 punto ≥ 300%; 0 puntos

Para acreditar este criterio, deberá achegar: documentación acreditativa de ingresos mensuais, mediante certificado tributario de IRPF dos proxenitores ou proxenitoras, correspondente ao exercicio inmediatamente anterior á convocatoria, expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

A falta de presentación da documentación acreditativa das situacións baremables suporá a renuncia implícita a ser valorado no apartado correspondente.

No caso de empate na puntuación, as solicitudes coincidentes ordenaranse en función da





Concello Do Carballiño

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

renda, tendo preferencias as rendas inferiores ás superiores. De continuar o empate ordenaranse pola data de entrada no rexistro.

e) Procedemento matriculación:

e.1-Periodo de preinscrición : do 1 ao 20 de marzo de 2025

e.2-Publicación Listaxes provisionais de persoas admitidas: 25 de abril de 2025

Publicarase a lista provisional de preinscritos/as no taboleiro de anuncios do concello, de servizos sociais e do local onde se realice o servizo.

e.3-Reclamación/subsanación:

Concederase o prazo de 5 días hábiles para a presentación de reclamacións.

e.4-Publicación Listaxes de persoas admitidas definitivas: 15 de maio de 2025

Despois de valoradas as reclamacións e, de ser o caso, realizadas as modificacións oportunas, publicarase a lista definitiva dos/as preinscritos/as, así como unha lista de agarda con aquelas persoas que non obteñan praza.

e.5-Formalización da matrícula: do 16 ao 28 de maio de 2025

A confirmación realizarase presentando o modelo de “Confirmación de Matrícula” dispoñible nas dependencias dos servizos sociais do concello e na paxina web municipal. De non realizar a confirmación de matrícula dentro do prazo fixado, entenderase que o usuario/a desiste da praza, polo que permitirá o chamamento doutro/a menor en lista de agarda.

f) Normas de xestión do pago

Segundo o establecido na Ordeanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de conciliación:

f.1) O pagamento do prezo público farase por recibo, segundo os medios de pagamento que veñen regulados no punto 2 da Ordeanza reguladora do prezo publico, tras a aprobación do correspondente padrón.

O padrón elaborarao a oficina de Recadación, baseándose na relación mensual de usuarios/as que lle sexa entregada polo Departamento de Benestar Social.

f.2) O/A pai/nai ou titor/a do/a menor poderá escoller entre dúas modalidades de pagamento:

- 1-Aboamento en conta
- 2- Domiciliación bancaria

f.3) O pagamento para o prezo público do Bo Día Familia, deberá facerse efectivo:

- a) Padrón quincenal: do 10 ao 15 de cada mes, ou inmediato hábil no caso de ser inhábil.
- b) Padrón mensual: do 15 ao 25 de cada mes ou inmediato hábil no caso de ser inhábil.

g. Máis información

Departamento de servizos sociais municipais

r/ Faustino Santalices, 10- baixo

32500 O Carballiño (Ourense)

Tfno.: 988 531 076

educadorafamiliar@carballino.gal; www.carballino.gal;

